



MEMORIA ECONÓMICA

2019

CONTABILIDADE ANALÍTICA

Custo das actividades e indicadores
de xestión.

Agregación de CANOA do veintenove de abril de douce mil vinte

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Custo das actividades e indicadores de xestión. Contabilidade analítica 2019

COORDINACIÓN:

Xerencia

Responsable técnico da redacción:

Miguel A. López Quián. Técnico superior de administración. Xerencia

COLABORADORES PRINCIPALES:

Vicexerencia de Persoal, Investigación e Planificación Estratéxica

Vicexerencia de Economía e Infraestruturas

Vicexerencia de Xestión Académica

Vicexerencia do Campus de Lugo e Servizos

Servizo de Control Interno

Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesouraría

Área de Calidade e Mellora dos Procedementos

Área TIC: Xescampus, ESicus

Área de Xestión e Valorización de I+D

Centro de Estudos Propios e CIEDUS

Servizo de Xestión Académica

SUPERVISIÓN, FORMACIÓN E SOPORTE EXTERNO:

Salvador Rodríguez Plaza y Rafael Ruiz Gómez. Intervención General de la Administración del Estado IGAE

INFORMACIÓN E CONTACTO:

<http://www.usc.es/xerencia/contabilidadanalitica/>

correo-e: xerente@usc.es

teléfono: 881811010

SUMARIO

1. INTRODUCIÓN.....	9
2. MODELO DE CONTABILIDADE ANALÍTICA PARA UNIVERSIDADES. PERSONALIZACIÓN DO MODELO APROBADO PARA A USC.....	15
2.1. CENTROS DE CUSTO	18
2.2. ACTIVIDADES	20
2.3. ELEMENTOS DE CUSTO.....	24
2.4. ELEMENTOS DE INGRESO.....	24
3. FORMACIÓN DE CUSTOS DAS ACTIVIDADES.....	27
3.1. PROCESO XERAL DE FORMACIÓN DE CUSTOS.....	29
3.2. CUSTOS DE PERSOAL.....	31
3.2.1. Tratamento da dedicación do Pessoal Docente e Investigador. Regra 23	33
▪ Funcionamento da Regra 23.....	33
▪ Exemplo de cálculo da Regra 23	37
▪ Comportamento global do cadro de PDI en aplicación da Regra 23	41
3.3. CRITERIOS E FASES DE REPARTO	45
3.4. FORMACIÓN DE CUSTOS POR GRUPO DE ACTIVIDADES	48
3.4.1. Custos de actividades auxiliares.....	48
3.4.2. Custos de actividades de dirección e administrativas (DAG).....	49
▪ Órganos de goberno	49
▪ Dirección de centros e das Unidades de Apoio á Xestión	49
▪ Servizos e áreas administrativas	50
3.4.3. Custos de actividades finalistas.....	50
▪ Docencia.....	50
▪ Investigación e transferencia	52
▪ Biblioteca Universitaria e Arquivo Histórico.....	57
▪ Extensión universitaria.....	57
▪ CLM, Deportes	57
3.4.4. Custos de actividades anexas	58
3.5. FASE DE AGREGACIÓN.....	58
3.6. MELLORAS IMPLEMENTADAS NA CONTABILIDADE ANALÍTICA DE 2019	59
4. RESULTADOS DE ACTIVIDADES. EXERCICIO 2019.....	67
4.1. ACTIVIDADE GLOBAL DA UNIVERSIDADE	70
4.2. ACTIVIDADES FINALISTAS.....	74
4.2.1. Titulacións oficiais	83
4.2.2. Titulacións propias	99
4.2.3. Investigación	102
4.2.4. Biblioteca Universitaria	121
4.2.5. Arquivo Histórico	123
4.2.6. Centro de Linguas Modernas.....	124
4.2.7. Servizo de Medios Audiovisuais	125
4.2.8. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.....	126
4.2.9. Extensión universitaria	127
▪ Área de Deportes	128
▪ Área de Cultura	130
▪ Servizo de Participación e Integración Universitaria	131
4.3. ACTIVIDADES ANEXAS	132
4.3.1. Escola Infantil Breogán	132
4.3.2. Servizo Universitario de Residencias	133
4.3.3. Imprenta Universitaria	134
4.4. ACTIVIDADES AUXILIARES	135

4.4.1. Área de Tecnoloxía da Información e das Comunicacións	135
4.4.2. Área de Infraestruturas, Seguridade e Saúde	136
4.5. RESUMO ACTIVIDADES FINALISTAS E AUXILIARES DE PAS	137
4.6. ACTIVIDADES DE DIRECCIÓN E ADMINISTRACIÓN XERAL.....	138
5. INDICADORES DE XESTIÓN	141
5.1. INDICADORES RELATIVOS A ELEMENTOS DE CUSTO	144
5.1.1. Indicadores xerais de elementos de custo	144
5.1.2. Indicadores relativos a custo de persoal	144
5.1.3. Outros indicadores de elemento de custo	144
5.2. INDICADORES RELATIVOS A ELEMENTOS DE INGRESO	145
5.2.1. Indicadores relativos a ingresos por docencia (inclúe tamén os relativos a custos, apartado 5.4.1).....	145
5.2.2. Indicadores relativos a ingresos de investigación	155
5.2.3. Indicadores relativos a ingresos por extensión universitaria e deportes	155
5.3. INDICADORES RELATIVOS A CENTROS DE CUSTO	156
5.4. INDICADORES RELATIVOS A ACTIVIDADES/PRODUTOS	159
5.4.1. Indicadores relativos a docencia oficial	159
5.4.2. Indicadores relativos a docencia non oficial	159
5.4.3. Indicadores relativos a investigación	159
5.4.4. Indicadores relativos a extensión universitaria e deportiva	159
5.5. INDICADORES RELATIVOS Á PRESTACIÓN DO SERVIZO DE EDUCACIÓN SUPERIOR	160
6. CONCILIACIÓN CONTABLE.....	161
7. CONCLUSIÓN S E PRÓXIMOS TRABALLOS	165
ANEXOS.....	169
A. RELACIÓN ENTRE CONCEPTOS ECONÓMICOS USC E ELEMENTOS DE CUSTO CANOA	171
B. DETALLE DE INGRESOS POR ELEMENTO.....	180
C. DETALLE DO CUSTO POR ELEMENTO DAS ACTIVIDADES DESCRIPTAS	181
▪ Actividade global da USC	181
▪ Titulacións oficiais	185
▪ Titulacións propias	192
▪ Actividades de investigación.....	198
▪ Biblioteca Universitaria	205
▪ Arquivo Histórico	210
▪ Centro de Línguas Modernas.....	215
▪ Área de Deportes	219
▪ Área de Cultura	224
▪ Servizo de Participación e Integración Universitaria	229
▪ Servizo Universitario de Residencias	234
▪ Escola Infantil Breogán	239
Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións	244
▪ Área de Infraestruturas, Seguridade e Saúde	248
Imprenta Universitaria.....	252
▪ Servizo de Medios Audiovisuais	257
▪ Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.....	262
D. CUSTO E INGRESOS DOS CENTROS	267
D.1. CUSTO E INGRESOS DOS CENTROS. COMPARATIVA 2018, 2019.	274
D.2. RELACIÓN ENTRE OS CENTROS DE CUSTO DO ÁMBITO DE PAS E AS ÁREAS / SERVIZOS / UNIDADES DEFINIDAS NA CODIFICACIÓN CORPORATIVA.	275
E. CONDICIÓN S PARA O CÁLCULO DA PORCENTAXE DE HORAS NON DISTRIBUÍDAS. REGRA 23 277	
F. RELACIÓN DE ACTIVIDADES DIRECTIVAS, ADMINISTRATIVAS E XERAIS (DAG)	280
G. CUSTO CALCULADO DAS TITULACIÓN S OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER NO CURSO 2018/2019 284	

H.	INFORMES COMPLEMENTARIOS RELATIVOS ÁS ACTIVIDADES DE VARIOS SERVIZOS E ÁREAS	
	296	
▪	Centro de Lingua Modernas (CLM): Custo por actividade	296
▪	Área de Deportes: Custo por actividad.....	300
▪	Escola Infantil Breogán: Relación entre o resultado de actividade e a oferta ...	304
▪	Servizo Universitario de Residencias (SUR): Relación entre o resultado de actividade e a oferta.....	305
▪	Resultado de actividade dos Programas de Investigación de Xestión Integrada (PIXIs)	306
I.	DEFINICIÓN DOS INDICADORES DE XESTIÓN	310
10.2. INDICADORES.....		310
10.2.1. Indicadores relativos a elementos de custo		310
▪ Indicadores xerais de elementos de custo		310
▪ Indicadores relativos a custos de persoal.....		311
▪ Outros indicadores de elementos de custo		311
10.2.2. Indicadores relativos a elementos de ingreso.....		311
▪ Indicadores relativos a ingresos por docencia.....		311
▪ Indicadores relativos a ingresos por investigación		312
▪ Indicadores relativos a ingresos por extensión universitaria e deportivas		312
▪ Indicadores relativos a ingresos por outros conceptos.....		312
10.2.3. Indicadores relativos a centros de custo		312
10.2.4. Indicadores relativos a actividades produtivas		312
▪ Indicadores relativos a docencia oficial		312
▪ Indicadores relativos a docencia non oficial		313
▪ Indicadores relativos a investigación		313
▪ Indicadores relativos a extensión universitaria e deportivas		313
▪ Indicadores relativos a prestación do servizo de educación superior		314

1. INTRODUCCIÓN

A Contabilidade Analítica é un sistema de información contable cuxa principal finalidade é subministrar á organización información relevante en relación ás actividades desenvoltas por esta, permitindo á súa vez avaliar a eficiencia e eficacia na xestión.

Os obxectivos fundamentais da Contabilidade Analítica son:

- a) Obter información sobre os custos de prestación dos servizos universitarios e das unidades que participan directa ou indirectamente na prestación destes.
- b) Calcular as marxes de cobertura dos diferentes servizos universitarios.
- c) Avaliar a eficacia económica coa que se xestionan os recursos.
- d) Ter información comparable cos prezos públicos.
- e) Cumprir os requirimentos normativos relativos á presentación das contas anuais.

Existen diferentes modelos de Contabilidade Analítica, pero no ámbito das universidades o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte estableceu como obligatoria a implantación do modelo denominado "*Modelo de Contabilidade Analítica para Universidades. Particularización do Modelo CANOA*". Este modelo, de gran complexidade, establece un conxunto de regras de normalización de obrigado cumprimento e fixa, como requisito previo, a elaboración e aprobación por parte do Ministerio dun documento de personalización no que se detalle como a universidade vai acometer os traballos de implantación do sistema contable. A USC elaborou o documento de personalización no primeiro cuadrimestre de 2012 e obtivo a aprobación definitiva do mesmo por parte do Ministerio en abril dese mesmo ano.

A implantación do Modelo de Contabilidade Analítica na Universidade de Santiago de Compostela permite dispoñer dunha información detallada dos custos e das marxes de cobertura das diferentes actividades desenvolvidas pola universidade, o que redunda nunha mellor planificación estratégica e nun control máis axeitado da xestión.

Por outra banda, a vinculación directa establecida pola "*Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades*", entre os

prezos públicos e o custo da prestación do servizo académico, obrigábanos a dispoñer deste novo sistema contable. Esta información tamén é necesaria para o establecemento dos prezos do resto de servizos prestados.

Os traballos levados a cabo para a posta en servizo deste sistema contable apoiáronse na sinatura dun convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Intervención General de la Administración del Estado (IGAE) pola que esta última entidade formou ao equipo de persoas involucradas na implantación e supervisou os traballos realizados, garantindo deste xeito que o sistema posto en funcionamento é acorde co modelo contable de referencia. A IGAE tamén achegou a aplicación informática que da soporte á Contabilidade Analítica (denominada aplicación CANOA: "Sistema de Contabilidade Analítica Normalizada para as Organizacións Administrativas") e a formación requirida para o seu uso comprometéndose, igualmente, coa actualización da aplicación CANOA ante calquera novo requerimento normativo ou mal funcionamento detectado.

Por iniciativa da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos presentouse o proxecto de contabilidade analítica da USC á convocatoria 2016 do "Programa de Buenas Prácticas de Dirección y Gestión Universitaria (TELESCOPI)", tendo obtido este o recoñecemento positivo. En 2017 a USC recibiu o "Premio de Buenas Prácticas en Gestión Universitaria" outorgado polo "Club de Excelencia en Gestión" pola implantación deste sistema contable.

Achéganse a continuación os documentos que acreditan a colaboración coa Intervención General de la Administración del Estado na implantación do proxecto e o recoñecementos citados.



MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

SECRETARÍA DE ESTADO DE
PRESUPUESTOS Y GASTOS

INTERVENCIÓN GENERAL DE LA
ADMINISTRACIÓN DEL ESTADO

OFICINA NACIONAL DE CONTABILIDAD

DIVISIÓN DE PLANIFICACIÓN Y DIRECCIÓN DE
LA CONTABILIDAD Y BUDGETAJE. PÚBLICAS

INTERVENCIÓN GENERAL

14 ene 2015, 09:49:39

SALIDA 00565.005.2015.S.000130

O F I C I O

SIREF.

NIREF. 8/15

FECHA: Madrid, 13 de enero de 2015.

ASUNTO: Modelo de Contabilidad Analítica de la Universidad de Santiago de Compostela.

DESTINATARIO: SR. GERENTE DE LA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Atendiendo a la solicitud efectuada por la Universidad de Santiago de Compostela, mediante correo electrónico de fecha 16 de diciembre de 2.014, se comunica que el Modelo de Contabilidad Analítica de la Universidad de Santiago de Compostela se ajusta a la operativa del Modelo C.A.N.O.A. y que para la obtención de los resultados de costes de dicha Universidad se ha implantado la aplicación informática CANOA en la misma.



UNIVERSITAT POLITÈCNICA
DE CATALUNYA
BARCELONATECH

TELESCOPI
ESPAÑA

LA UNIVERSITAT POLITÈCNICA DE CATALUNYA,
COORDINADORA DE TELESCOPI ESPAÑA

HACE CONSTAR:

Que la experiencia

"Sistema de Contabilidad Analítica de la Universidad de Santiago de Compostela"

presentada por

Universidad de Santiago de Compostela
Gerencia

Ha cumplido con los criterios de evaluación que exige el
Observatorio de Buenas Prácticas en Dirección y Gestión Universitaria
TELESCOPI ESPAÑA para validar una Buena Práctica.

Para que conste a los efectos oportunos, firmo el presente documento.

Barcelona, 12 de Diciembre de 2016

Antoni Ras
Vicerrector de Política Universitaria



PREMIO DE BUENAS PRÁCTICAS EN GESTIÓN UNIVERSITARIA 2017

El Club Excelencia en Gestión certifica que:

Universidad de Santiago de Compostela

ha sido premiada por su buena práctica "Sistema de Contabilidad Analítica", que presentó al Premio de BBPP's en gestión universitaria 2017, organizado por el Club Excelencia en Gestión.

Ignacio Babé Romero
Secretario General
Club Excelencia en Gestión

2. MODELO DE CONTABILIDADE ANALÍTICA PARA UNIVERSIDADES. PERSONALIZACIÓN DO MODELO APROBADO PARA A USC

De cara a facilitar a comprensión do funcionamento do modelo implantado e a adecuada interpretación dos resultados obtidos en aplicación deste, o grupo de traballo do Sistema de Contabilidade Analítica da USC considerou vantaxosa a publicación integra na web corporativa do “*Documento de Personalización*” aprobado, ao igual que a publicación doutra información relevante sobre a temática, facéndose accesible deste xeito a información, tanto a nivel corporativo como a nivel doutras universidades.

A medida que outras universidades públicas vaian cerrando a implantación do sistema e obtendo resultados de custos e marxes de actividades será máis doado xerar sinerxías que impulsen as modificacións necesarias na definición do Modelo, o que permitirá corrixir eivas e introducir melloras en varios aspectos que serán comentados ao longo deste documento. A publicación desta información, así como a colaboración levada a cabo con outras universidades, traducirse nunha maior celeridade na mellora do sistema. Actualmente a Mesa de Xerentes da CRUE ten constituído un grupo de traballo para a mellora do Modelo, da que a USC é membro e está a desempeñar un destacado papel no mesmo. Especialmente significativas son as nosas achegas recollidas na reformulación da regra 23, regra do modelo que determina como debe repercutirse o custo de cada PDI ao conxunto de actividades nas que participa, estas achegas inclúen a visión da nosa oficina de investigación sobre como deben contemplarse na regra as dedicacións dos investigadores ás súas actividades de I+D+i, así como a secuencia de cálculo a aplicar. A día de hoxe o grupo de traballo ten cerrado o documento definitivo que redefine o Modelo e presentado este ante a Mesa de Xerentes da CRUE, a IGAE e o anterior Ministerio de Ciencia Innovación e Universidades, estando pendente a súa aprobación definitiva.

Como se indicou, a finalidade deste informe é presentar os custos e marxes das diferentes actividades desenvolvidas pola USC no exercicio de 2019 en aplicación do Modelo, e non a de describir o funcionamento do Modelo en si, polo que, para a correcta interpretación da información aquí recollida é recomendable a previa lectura do documento que describe o Modelo CANOA e do documento que detalla a personalización feita na USC, ámbolos dous accesibles na web da Xerencia. En calquera caso, si se describirán nas seguintes páxinas

algúns aspectos salientables, tanto da personalización feita como do Modelo en si.

A estrutura básica do Modelo parte da definición de *centros de custo, actividades, elementos de custo e ingresos*.

2.1. **Centros de custo**

Defínense *centros de custo* como as entidades que desenvolven as diferentes actividades definidas (docentes, de investigación, de extensión, directivas e administrativas e outras). Os centros de custo represéntanse a través dunha estrutura xerárquica cuxo nivel superior é o campus e o inferior é o centro propriamente dito (denominado Centro de Último Nivel). No exercicio 2019 o número de centros de custo definidos é de 635 dos cales 552 son de último nivel. De cada un destes centros pódese obter información detallada de custos, ingresos e marxes.

Polo que respecta aos centros de custo correspondentes a *departamentos* estes son definidos a nivel de seccións para poder identificar os custos xerados polo persoal docente e investigador (PDI) destacado en centros diferentes ao centro da sede departamental.

En moitos casos os centros de custo teñen unha relación unívoca cunha unidade organizativa da USC (por exemplo, as Vicerreitorías ou os Departamentos) pero noutros casos un centro de custo agrupa a varias unidades organizativas (por exemplo, definiuse un centro de custo denominado “Área Académica e Alumnado” que agrupa as Unidades de Xestión Académica, o Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, a Oficina de Información Universitaria, a Oficina de Análise de Reclamacións e a parte do Servizo de Axudas e Servizos ao alumnado non relacionado co Servizo de Residencias Universitarias).

En canto ao seu comportamento, os centros de custo clasifícanse en:

- **Centro principal ou finalista**, é aquel que realiza as actividades propias da universidade (docencia, investigación ou extensión). Así son centros finalistas, por exemplo, os departamentos, institutos, a área de cultura...
- **Centro anexo**, é aquel que realiza actividades non propias da universidade. Así, son centros anexos a Escola Infantil,

a Imprenta Universitaria ou as concesións das cafeterías. Estes centros reciben un tratamiento análogo ao dos centros finalistas.

- **Centro auxiliar**, é aquel que realiza actividades de apoio ao resto de centros. Actualmente encádranse neste grupo a Área TIC e a Área de Infraestruturas, Seguridade e Saúde.
- **Centros directivos, administrativos ou xerais (DAG)**, son aqueles encargados da coordinación doutros centros deles dependentes ou que teñen unha relación directa coas actividades por eles desenvolvidas. Así son centros DAG as Vicerreitorías, os decanatos ou as unidades de apoio á xestión.
- **Centros mixtos**, son aqueles que participan das características de dous ou mais dos tipos de centros sinalados anteriormente. Defínense como centros mixtos o Servizo de Relacións Exteriores, o de Xestión de Investigación o de Xestión de Transferencia de resultados, o Centro de Estudios Propios e o Centro Internacional de Estudos de Doutoramento e Avanzados

A tipoloxía do centro e a relación definida entre a súa actividade e outras determina como son tratados os seus custos a efectos de reparto. Así os custos dos centros DAG son repercutidos a aquellas actividades finalistas relacionadas, en función do criterio concreto definido para cada caso.

A relación de centros é modificable dun exercicio económico a outro, e o seu número dependerá do equilibrio buscado entre a necesidade de información requerida e o esforzo que implica o mantemento dun maior número.

A seguinte táboa recolle algún exemplo da estrutura xerárquica definida para os centros de custo:

Táboa 2.1 - Mostra da estrutura xerárquica dos centros de custo.

Campus	Centro	C.U.N.	Descripción do centro
Código do centro de custo			
USC	LUG	F70	Facultade de Veterinaria
USC	LUG	F70	Aulas Facultade de Veterinaria
USC	LUG	F70	Dpto Ciencias Clínicas Veterinarias
USC	LUG	D73	Dpto Anatomía e Producción Animal

Táboa 2.1 - Mostra da estrutura xerárquica dos centros de custo.

Campus	Centro	C.U.N.	Descripción do centro	
Código do centro de custo				
USC	LUG	F70	D67	Dpto Patoloxía Animal <i>Seccións departamentais</i>
USC	LUG	F70	D11	Dpto Sec. Bioquímica e Bioloxía Molecular
USC	LUG	F70	D12	Dpto Sec. Microbioloxía e Parasitoxía
USC	LUG	F70	D13	Dpto Sec. Fisioloxía
USC	LUG	F70	D16	Dpto Sec. Zooloxía e Antropoloxía Física
			...	
USC	LUG	F70	J19	Laboratorio Investigación Facultade de Veterinaria
USC	LUG	F70	L19	Laboratorio Docencia Facultade de Veterinaria
USC	LUG	F70	N19	Dirección de Facultade de Veterinaria (centro DAG)
USC	LUG	F70	U19	U.A.Xestión Facultade de Veterinaria (centro DAG)
			...	
USC	LUG	G01	G20	Vic. de Coordinación e Planificación do Campus Lugo
USC	LUG	G01	G20	Dirección de Vic. de Coordinación e Planificación do C. Lugo (centro DAG)
USC	LUG	G01	T05	Secretaría e asesoramento Vic. Coordinación e Planif. Lugo (centro DAG)
			...	

Para coñecer máis en detalle a estrutura de centros pódese acudir ao Documento de Personalización.

2.2. Actividades

As actividades son o conxunto de operacións ou tarefas propias da USC para as cales se consumen recursos na universidade e das cales queremos coñecer os custos asociados a súa producción.

Ao igual que os centros, as actividades tamén son agrupadas en función do seu comportamento nestes tipos:

- **Actividades finalistas ou principais** (docencia, investigación e extensión), reciben custos doutras actividades e o coñecemento dos seus custos e marxes de cobertura é o obxecto final deste sistema de información.
- **As actividades anexas** trátanse de igual xeito que as finalistas, coa diferenza de que as actividades anexas non son actividades propias da universidade (a actividade anexa más destacada é o Servizo de Universitario de Residencias).

-
- **Actividades auxiliares**, son aquelas desenvolvidas polos centros auxiliares. Os custos destas actividades son repercutidos entre o resto de centros e actividades.
 - **Actividades DAG**, son aquelas actuacións necesarias para a dirección e administración da universidade así como para a súa representación institucional e repercuten os seus custos ás actividades finalistas relacionadas. Por exemplo, o custo da dirección dun departamento irá ás materias e actividades de investigación dese departamento, e os custos dunha unidade de apoio e xestión dunha facultade irá a todas as materias docentes e actividades de investigación desa facultade.

O concepto “finalista”, que será empregado en varias ocasións ao largo deste informe, debe entenderse encadrado na definición indicada anteriormente e en ningún caso debe confundirse co uso que deste termo se fai na contabilidade orzamentaria, na cal por “*finalistas*” enténdese aqueles ingresos afectados á realización dunha actividade concreta.

As actividades tamén responden a unha estrutura xerárquica que parte do campus, que continúa co tipo de actividad (docencia oficial, gran área docente, tipo titulación, titulación...; docencia non oficial; actividad de investigación; tipo de actividad de investigación...) e finaliza co contador específico. A continuación móstrase como exemplo a codificación para un conxunto de actividades correspondentes a materias do Grao en Física:

SNT090GRD00219819801C399 ..“G1031101-Física Xeral I” (*)
SNT090GRD00219819801C400 “G1031102-Métodos Matemáticos I”
SNT090GRD00219819801C401 “G1031103-Métodos Matemáticos II”
SNT090GRD00219819801C402 “G1031104-Bioloxía”
...

*** Codificación actividade docente:****SNT:** Campus de Santiago**090:** Docencia Oficial**GRD:** Grao**002:** Área de Ciencias Experimentais**198:** Grao en Física – Titulación do alumno**198:** Grao en Física – Titulación da materia**01C:** Primeiro cadrimestre**399:** Física Xeral I

A continuación inclúese o esquema xerárquico das titulacións oficiais.

Táboa 2.2 - Estrutura xerárquica das titulacións oficial.

Campus	Tipo actividad	Gran área	Tipo titulación	Titulación (código completo)
SNT Campus de Santiago				
	O90 Docencia oficial			
		001 Área de Arte e humanidades		
		...		
		002 Área de ciencias		
		...		
		003 Área de ciencias sociais e xurídicas		
		...		
		004 Área de enxeñaría e arquitectura		
		...		
		005 Área de Ciencias da Saúde		
			MOF Máster oficial	
			DTO Programas de doutoramento	
			CCL Ciclo (en extinción)	
			GRD Grao	
<i>Código completo da titulación:</i>				
			204 Grao en Medicina	<i>SNT090GRD005204</i>
			205 Grao en Odontoloxía	<i>SNT090GRD005205</i>
			207 Grao en Farmacia	<i>SNT090GRD005207</i>
			...	
LUG Campus de Lugo				
	O90 Docencia oficial			
		001 Área de Arte e Humanidades		
		002 Área de ciencias		

003 Área de ciencias sociais e xurídicas

004 Área de enxeñaría e arquitectura

005 Área de Ciencias da Saúde

...

No exercicio 2019 a USC definiu 13.121 actividades, das cales 10.895 corresponden a actividades finalistas (7.743 son materias de docencia oficial e 2.018 son actividades de investigación de último nivel).

O elevado número de **actividades docentes** responde a tres feitos:

- O Modelo CANOA obriga a dar de alta unha actividade por cada materia con docencia no Plan de Ordenación Docente.
- A USC decidiu dar de alta materias sen docencia (por exemplo, materias con derecho a exame) co obxecto de poder coñecer os custos imputables a este tipo de actividades. Neste caso trátase dunha mellora aplicada pola USC sobre o fixado polo Modelo CANOA que terá o seu reflexo nun informe complementario que será anexado ao de resultados en futuros exercicios.
- A USC decidiu, por cada materia existente, dar de alta tantas materias como titulacións diferentes teñan os alumnos matriculados na materia. Esta solución permite calcular os custos das materias incluídas como complementos formativos dos programas de doutoramento, por exemplo. Así, a cada unha destas “materias” repercútense os custos do PDI que imparte a materia orixinaria rateados en función do número de alumnos matriculados en cada unha destas tres novas materias definidas.

Para coñecer máis en detalle a estrutura de actividades pódese acudir ao Documento de Personalización.

2.3. *Elementos de custo*

Os elementos de custo agrupan e clasifican os diferentes bens e servizos consumidos pola universidade para a realización das súas actividades. O Modelo CANOA define unha relación de elementos de custo normalizada para o conxunto de universidades, habilitando a opción para dar de alta elementos específicos de cada universidade nos niveis inferiores da xerarquía definida.

Os elementos de custo están relacionados cos subconceptos económicos definidos na clasificación económica da contabilidade orzamentaria. Para facilitar a comprensión dos resultados incluídos neste informe achégase como Anexo a relación existente entre elementos de custo e subconceptos económicos da que a continuación inclúese un extracto:

Táboa 2.3 - Relación existente entre os elementos de custo e os subconceptos económicos	
Elemento de custo	Sub concepto económico
01 - CUSTOS DE PERSOAL	
...	
110 TRANSPORTE DE PERSOAL	
64002 D Axudas de Custo e Locomoción	
64202 CI Axudas de Custo e Locomoción	
03 - CUSTOS DE ADQUISICIÓN DE BENS E SERVIZOS	
302 CUSTO DE MATERIAIS DE REPROGRAFÍA E IMPRENTA	
22002 Papel fotocopiadora	
22006 Encadernacións	
303 CUSTO DE MATERIAL E INSTRUMENTAL DE LABORATORIO E EXPERIMENTACIÓN	
...	
04 - CUSTOS DE SERVIZOS EXTERIORES	
...	
411 LIMPEZA E ASEO	
22701 Limpeza e aseo	
...	

2.4. *Elementos de ingreso*

Todo ingreso recibido pola USC ten a consideración de ingreso tratable polo sistema de Contabilidade Analítica, con independencia da afección ou non a unha actividade concreta ou da súa consideración como ingreso ou transferencia corrente ou de capital. Por outro lado o Modelo CANOA establece que os ingresos non poden ser obxecto de

reparto e deben quedar relacionados directamente coa actividade que os xera (por exemplo, os ingresos por prezos públicos están relacionados coas materias). Por este motivo aqueles ingresos non afectados a ningunha actividade serán asignados á organización no seu conxunto (por exemplo, a transferencia corrente da Comunidade Autónoma).

Este funcionamento debe recordarse á hora de interpretar os resultados da Contabilidade Analítica, porque será fundamental para comprender o por que das porcentaxes de cobertura das diferentes actividades. A análise das marxes obtidas permite coñecer os custos indirectos asociados á realización da actividade, máis alá da relación de ingresos e custos propios desta.

En canto ao conxunto dos ingresos recibidos hai que facer un apunte específico para aqueles que están vinculados con custos de mera transferencia. Neste caso o Modelo establece que non deben ser dados de alta como ingresos aqueles fondos para os cales a universidade únicamente realice un servizo de tesourería e distribución destes en función do establecido polo ente concedente. Só serán dados de alta este tipo de ingresos cando a universidade realice un conxunto de tarefas asociadas (por exemplo, a selección dos candidatos a recibir unha bolsa ligada a un custo de transferencia).

O Modelo CANOA fixa unha relación normalizada para os elementos de ingreso sobre a cal a USC agrega subelementos nos niveis baixos da xerarquía de partida.

Para os elementos de ingreso defínese unha dobre clasificación, atendendo a súa natureza e atendendo á relación coa actividade que as xera.

A continuación achégase un extracto da clasificación pola súa natureza:

Táboa 2.4 - Clasificacións de elementos de ingreso en relación a súa natureza

Clasificación	Descripción
1 - TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	
01A1	TAXAS ACADÉMICAS
01A2	OTRAS TAXAS
01B1	PREZOS PÚBLICOS POR DOCENCIA OFICIAL
01B2	OUTROS PREZOS PÚBLICOS
2 - OUTROS INGRESOS PROCEDENTES DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS	

02C1 DEREITOS DE MATRÍCULA EN CURSOS E SEMINARIOS DE ENSINANZAS PROPIAS

...

3 - TRANSFERENCIAS CORRENTES

...

4 - TRANSFERENCIAS DE CAPITAL


...



3. FORMACIÓN DE CUSTOS DAS ACTIVIDADES

3.1. Proceso xeral de formación de custos

O seguinte esquema resume a grandes trazos o funcionamento do Modelo CANOA en relación á formación dos custos das actividades:



O Modelo parte da análise da relación de gastos dun exercicio para determinar cales destes son incorporables como custos no sistema. Non teñen a consideración de custos determinados gastos que se realizan no exercicio, como aquelas transferencias para as cales a universidade unicamente fai unha labor de tesourería, ou os investimentos en obras e equipamentos. Para estes últimos o custo incorpórase a través da cota de amortización do exercicio, segundo o establecido na *"Lei do Imposto de Sociedades"*. No apartado no que se realiza a conciliación entre a contabilidade analítica e a orzamentaria identifícanse e cuantifícanse os gastos non incorporables á Contabilidade Analítica no exercicio 2019.

Logo de determinar a relación de custos incorporables débese identificar a que centro ou centros, e actividade ou actividades son imputables. Na situación ideal, cada custo é relacionado directamente

cun Centro de Custo de Último Nivel (por exemplo, un departamento) e a súa vez cunha actividade concreta (por exemplo, un proxecto de investigación), pero en moitas ocasións únicamente poden ser relacionados cun Centro de Nivel Superior (por exemplo, facultade ou campus). O exemplo máis claro de actividades que orixinan custos directos son os proxectos de investigación, que reciben estes a través da partida orzamentaria que teñen asociada. Os proxectos tamén reciben custos indirectos que lle repercuten o centro ao que estea vinculado. O custo dunha actividade virá constituído polo custo propio da actividade, pero tamén polos custos que, en aplicación das diferentes fases de reparto, recibe desde o centro ou centros de custo, e das actividades directivas e administrativas relacionadas.

Na medida en que máis custos podan ser relacionados simultaneamente con centros e con actividades, os resultados obtidos en aplicación do Modelo serán menos dependentes da imprecisión asociada a calquera sistema de reparto indirecto. Máis adiante neste informe trataranse específicamente as fases de reparto definidas no Modelo.

Un bloque importante de custos proceden de elementos do tipo limpeza, seguridade, enerxía, auga... Estes importes derivan dunha estrutura de contratación centralizada e están relacionados con Centros de custo de Nivel Superior (edificio maiormente), pero non con actividades concretas. Por exemplo, para repercutir o custo do servizo de limpeza ás actividades, primeiro repercutense os custos aos diferentes edificios (en base ás xornadas anuais dedicadas a súa limpeza) e logo aos Centros de Último Nivel dependentes de cada edificio (departamentos, decanatos, área de deportes...), proporcionalmente ao número de metros cadrados que ocupen. Nunha segunda fase este custo, xa asignado a departamentos, decanatos e etc., é repartido ás actividades desenvolvidas por cada Centro de Último Nivel, a través do criterio de Custo Acumulado. O funcionamento deste ultimo criterio de reparto é sinxelo: por exemplo, materias ou proxectos de investigación con máis custo propio reciben máis custo da limpeza do departamento.


Outro elemento de importancia é o correspondente ás amortizacións de edificios. Este elemento está relacionado cos Centros de Nivel Superior (Facultades, Escolas, Edificios Administrativos,


Biblioteca Universitaria...) e é repercutido aos Centros de Último Nivel dependentes deles (departamento, unidade de apoio á xestión de centros...), a través do criterio de reparto “metros cadrados”. Dos Centros de Último Nivel repercutirase ás súas actividades. As amortizacións derivadas doutro tipo de bens están relacionadas directamente con partidas orzamentarias de gasto e, a través destas, con centros de custo, e en moitas ocasións con actividades, que son as que reciben o custo asociado á amortización do ben.

O Documento de Personalización recolle unha relación detallada dos criterios de reparto empregados para aqueles casos nos que non se puideron relacionar os custos con actividades concretas, así como o tratamento dado aos diferentes subconceptos económicos da USC en relación aos elementos de custo definidos polo *Modelo CANOA* para cada código orgánico e grupo funcional.

3.2. Custos de persoal

O custo de actividade da USC en 2019 foi de 253.79 millóns de euros (242.86 millóns en 2018), do cal o 74,4 % corresponde con custos de persoal (76,09 % en 2018). A importancia cuantitativa deste elemento require unha explicación detallada de como é tratado este polo Modelo CANOA en relación á súa imputación ás actividades.





O Modelo establece, mediante a definición de varias regras, cal debe ser o tratamento das retribucións dos diferentes colectivos de persoal:

Os custos do *Personal de Administración e Servizo (PAS)* son repercutidos aos centros de custo ao que este persoal está vinculado a través da Relación de Postos de Traballo (RPT), e á actividade que estes centros desenvolven.

Os custos do *personal contratado con cargo ás actividades definidas nos Capítulos VI e II* son relacionados directamente coas actividades e os centros a través da partida orzamentaria pola que se retribúe a nómina.

O tratamento das retribucións definido polo Modelo para estes dous colectivos é relativamente sinxelo, pero, en cambio, faise necesaria unha explicación máis polo miúdo do tratamento definido para o *Personal Docente e Investigador*, tanto polo volume total das retribucións deste colectivo como pola multiplicidade de tarefas que desenvolve. O tratamento das retribucións do PDI ven determinado pola Regra 23 do Modelo denominada “Tratamento da dedicación do Personal Docente Investigador”, e a súa última versión, do 23 de setembro de 2013, pode ser consultada na web da Xerencia. A nova proposta de Modelo, actualmente en fase de aprobación, incorpora unha redefinición integral desta norma que permitirá unha mellora

significativa na imputación do custo do PDI a cada unha das súas actividades.

3.2.1. Tratamento da dedicación do Persoal Docente e Investigador. Regra 23

Neste apartado non pretendemos reproducir a definición da regra, que pode ser consultada na páxina indicada no parágrafo anterior, senón dar a información básica que permita comprender a repercusión que esta ten na construcción dos custos das actividades de docencia e investigación e, á súa vez, comentar algún aspecto salientable que se observa unha vez aplicada sobre o conxunto das retribucións de 2019.

▪ Funcionamento da Regra 23

A Regra 23 determina cal debe ser a asignación do conxunto das retribucións anuais de cada PDI a cada un dos tres grandes grupos de tarefas desenvolvidas (docencia, investigación e xestión), para a continuación repercutir os custos a cada materia, actividade de investigación ou de xestión na que participa.

Podemos entender que a regra se aplica en tres fases:

- Determinación da porcentaxe de tempo que cada PDI emprega en cada un dos tres grandes grupos de actividades (docencia, investigación e xestión).
 - Asignación das retribucións de cada PDI a cada un dos tres grandes grupos de actividades.
 - Aplicación das retribucións asignadas aos grandes grupos de actividades a cada unha das actividades concretas desenvolvidas por cada PDI.
- a) Determinación da porcentaxe de tempo que cada PDI emprega en cada un dos tres grandes grupos de actividades.

A regra parte da asignación docente recollida no Plan de Ordenación Docente (POD) correspondente aos cursos 2018/2019 e 2019/2020 para determinar o número de horas de docencia oficial do exercicio de análise. *Este número é multiplicado por un factor 2 para contemplar outras tarefas relacionadas coa docencia (preparación, avaliación...)*

Para ilustrar o funcionamento da Regra mantemos un valor de xornada de 1.664 horas anuais, que é superior a establecida para o ejercicio 2019 (1.456), facémolo así para evitar que o exemplo varíe dun ano para outro. En calquera caso, nos resultados mostrado no informe, empregase a xornada establecida pola USC para o seu persoal no exercicio de análise (1.456 en 2019).

Para o PDI a tempo completo establece ata un máximo de 88.75 horas anuais (2 horas semana x 1.664 horas anuais/37,5 horas semana) en concepto de innovación docente (debe entenderse este concepto nos termos nos que se entende no POD da USC), e 88.75 horas anuais (2 x 1.664/37,5) en concepto de xestión de investigación (aplicable para aquel PDI que sexa investigador principal dalgún proxecto de investigación). Para facilitar a visualización dos diferente exemplos contidos neste informe estas horas serán redondeadas a 89.

No caso de que o PDI teña algunha atribución directiva esta será considerada en función da porcentaxe recollida na táboa 3.0. Esta porcentaxe será aplicada sobre o total da xornada anual non afectada polas horas indicadas nos dous parágrafos previos (1.664 - 2xHoras de docencia no exercicio de exemplo - Innovación docente -Innovación Investigadora). Este aspecto é unha novidade aplicada a partir das contas de 2014 incluídas e responde ao interese da USC en calcular con maior exactitude os custos das actividades directivas.

Táboa 3.0 - Dedicación á actividade directiva	
Cargo	% de dedicación DAG
Reitor	100
Vicerreitor	100
Vicerreitor adxunto	100
Decano	62,5
Director de escolas superiores	62,5
Subdirector de centro	37,5
Vicedecano	37,5
Secretario de escola	37,5
Secretario de facultade	37,5
Director de departamento	37,5
Secretario de departamento	37,5

Director de instituto	37,5
Secretario de instituto	37,5
Director de centro	37,5
Secretario de centro	37,5
...	
Porcentaxe aplicada sobre a xornada anual para determinar a dedicación á actividade directiva para os cargos más común. Esta porcentaxe mantén unha proporcionalidade análoga á establecida na redución de docencia por cargo académico no POD.	

Debemos indicar tamén que as porcentaxes recollidas na táboa veranse modificadas en función do total de días no que cada PDI concreto desenvolva a tarefa directiva no exercicio: así para un decano que tivera o nomeamento desde o un de xullo a porcentaxe pasaría ao 31,25 %.

O resto de horas, ata completar a xornada anual de exemplo, 1.664 (37,5 horas/semana x 44,373 semanas= 1.664 horas anuais), son consideradas como Horas Non Distribuídas (HND). As HND son relacionadas no seu 100 %, no 50% ou no 0%, coa actividade investigadora ou docente. A porcentaxe que debe aplicarse a cada PDI é función dun algoritmo vinculado coa produtividade investigadora (función da categoría do PDI e da súa dedicación, número de sexenios, número de teses dirixidas, participación en proxectos de investigación e en actividades do artigo 83 da LOU), como se detalla no anexo e).

Distribuídas as HND é doado calcular a porcentaxe que anualmente cada PDI dedica os labores docente, investigador e de xestión.

A Regra 23, na súa actual redacción, non reserva ningún tempo mínimo para a actividade investigadora (máis aló das 2 horas semanais consideradas para aquel PDI que é investigador principal dun proxecto), polo que a porcentaxe da dedicación á actividade investigadora virá marcada esencialmente pola maior ou menor asignación das HND a esta tarefa.

b) Asignación das retribucións de cada PDI a cada un dos tres grandes grupos de actividades.

A Regra 23 establece que certos conceptos retributivos corresponden a tarefas concretas; por exemplo os sexenios son custos

propios da investigación, os quinquenios son propios da docencia e as retribucións en concepto de cargo académicos o son da xestión. O resto de conceptos retributivos (soldo, complemento específico, complemento de destino, trienios, cota patronal da Seguridade Social ...) son repercutidos á docencia, á investigación ou á xestión en función da porcentaxe de dedicación calculada no punto anterior.

c) Aplicación das retribucións asignadas aos grandes grupos de actividades a cada unha das actividades concretas desenvolvidas por cada PDI.

Calculado o importe anual asociado coa tarefa docente, investigadora e de xestión para cada PDI nos termos indicados no punto anterior, debemos coñecer o número de horas anuais empregadas en cada actividade concreta (materia, proxecto de investigación...) para repercutirlle á actividade o custo das retribucións do PDI. Así, se o importe total anual asignado á actividade docente dun PDI é de 20.000 euros e impartiu 240 horas no exercicio, o custo hora será de 83,33 euros, e o custo asignado a unha materia de 60 horas será de 5.000 euros.

A estos efectos o número de horas de docencia oficial imputables ao exercicio de análise ven determinado pola aplicación do descrito na táboa “*Número de horas dunha materia nun exercicio*” (ver apartado 3.4.3 sobre a formación do custo das actividades finalistas de docencia, e o número de horas de dedicación a cada actividade de investigación ven determinado pola táboa “*Tratamento das actividades de I+D+i na Regra 23*”. Esta última táboa achégase simplificada a continuación:

Táboa 3.1 - - Tratamento das actividades de I+D+i na Regra 23.Resumo		
Código Rexistro	Descripción	Horas / Semana
Actividades suxeitas a contratos/convenios		
CE	Actividades do artigo 83 da LOU	4
CI	Actividades do artigo 83 da LOU	4
CL	Actividades do artigo 83 da LOU	4
CP	Actividades do artigo 83 da LOU	4
CU	Actividades do artigo 83 da LOU	4
Actividades suxeitas á convocatoria nun Programa/Plan Institucional para I+D		

Táboa 3.1 -. - Tratamento das actividades de I+D+i na Regra 23.Resumo

Código Rexistro	Descripción	Horas / Semana
PG	Plan Galego	3
PI	Marco	6
PN	Plan Nacional	4
PO	Plan Galego	3
PP	Non procede aplicar	0
XU	PIXIs	0
Actividades asociadas á organización de reunións científicas		
RC	Reunións científicas	0
Actividades estables		
SG	Actividades Grupos	3
SX	Creacións artísticas por encargo	4
Teses		
TE	Teses	2

Neste cadro o campo “Código rexistro” fai referencia á codificación empregada pola Área de Xestión e Valorización de I+D para rexistrar as actividades.

Para facilitar a visualización do exposto neste apartado achegamos o seguinte exemplo

▪ Exemplo de cálculo da Regra 23

Supoñamos un Profesor Titular de Universidade a tempo completo e en servizo activo durante todo o ano 2019. Supoñamos que do cálculo relativo ás horas de docencia correspondente ao exercicio 2019 (función do POD dos cursos 2018/2019 e 2019/2020) obtense un total de 240 horas; supoñamos igualmente que este PDI ten 89 horas anuais en concepto de innovación docente, 89 horas anuais en concepto de xestión de actividade de investigación e 0 horas anuais de xestión retribuída (non é cargo académico).

Total de horas anuais= 1.664 (37,5 horas semana x 44,373 semanas). Como indicamos anteriormente, empregamos no exemplo unha xornada anual de referencia que non coincide coa empregada nos cálculos, xa que esta última variará, de ano en ano, en base ao establecido pola normativa (nas contas de 2019 a xornada empregada é de 1.456 horas)

$$\text{Horas de docencia inicial} = 240 \times 2 = 480$$

Horas de investigación inicial= 0 (a versión actual da Regra 23 non reserva ningunha hora mínima para esta actividade)

Horas de innovación docente= $2 \times 44,373$ semanas = 89

Horas de xestión de investigación = $2 \times 44,373 = 89$

Horas de xestión retribuída = 0 (non é cargo académico)

Total de Horas Non Distribuídas = $1.664 - 480 - 89 - 89 = 1.006$

O total de Horas Non Distribuídas (HND) serán asociadas á actividade docente, investigadora ou de xestión en función da producción investigadora recoñecida pola Regra 23 para este PDI, podéndose dar tres situacóns:

- ◆ Caso A – Perfil investigador: 100% de HND a investigación e 0% a docencia.
- ◆ Caso B – Perfil mixto: 50% de HND a investigación e 50% a docencia.
- ◆ Caso C – Perfil docente: de HND 0 % a investigación e 100% a docencia.

Inclúese como anexo o punto da Regra 23 relativo á determinación destas porcentaxes.

Distribuídas as HND a cada tarefa teremos as 1.664 horas da xornada anual repartidas entre docencia, investigación e xestión e consecuentemente a porcentaxe de dedicación a cada unha delas en relación ao total de horas anuais.

A continuación móstrase o resultado do cálculo da porcentaxe de dedicación a cada grupo de actividades para as tres situacóns contempladas:

Táboa 3.2 . - Determinación da porcentaxe de dedicación a cada gran grupo de actividades

Situación inicial	Horas	
Total de horas de docencia inicial	569	(240 x 2 +89 de innovación docente)
Total de horas de investigación inicial	89	(horas de xestión de investigación)
Total de horas de xestión remunerada	0	(non é cargo académico)
Total de horas non distribuídas (HND)	1.006	
	1.664	

Aplicación da distribución de HND en función da produtividade investigadora

	Caso A	Caso B	Caso C
	100% das HND a investigación	50% a investigación e 50 % a docencia	100% a docencia
Total horas de docencia	569	1.072	1.575
Total horas de investigación	1.095	592	89

Total horas de xestión	0	0	0
	1.664	1.664	1.664

Porcentaxe de dedicación aos grandes grupos de actividades obtida

	Caso A (%)	Caso B (%)	Caso C (%)
Dedicación á docencia	34,19	64,42	94,65
Dedicación á investigación	65,81	35,58	5,35
Dedicación á xestión	0,00	0,00	0,00
	100,00	100,00	100,00

Determinadas as porcentaxes de dedicación aplícanse estas sobre as retribucións correspondentes aos conceptos comúns (soldo, trienios...) para determinar o custo que para cada PDI supón a súa actividade docente, investigadora e de xestión:

Táboa 3.3 - Aplicación das porcentaxes de dedicación sobre as retribucións

CASO A – Perfil investigador				
	Situación inicial	Reparto dos conceptos comúns (34,19 % e 65,81 %)	Situación final	Custo hora
Custo da actividade docente	8.189,28	12.961,08	21.150,36	88,13
Custo da actividade investigadora	6.648,28	24.947,89	31.596.17	41,79
Conceptos comúns (soldo, trienios...)	37.908,97			
	52.746,53	37.908,97	52.746,53	

CASO B – Perfil mixto				
	Situación inicial	Reparto dos conceptos comúns (64,42 % e 35,58 %)	Situación final	Custo hora
Custo da actividade docente	8.189,28	24.420,96	32.610,24	135,88
Custo da actividade investigadora	6.648,28	13.448,01	20.136,29	26,64
Conceptos comúns (soldo, trienios...)	37.908,97			
	52.746,53	37.908,97	52.746,53	

CASO C – Perfil docente				
	Situación inicial	Reparto dos conceptos comúns (94,65 % e 5,35%)	Situación final	Custo hora
Custo da actividade docente	8.189,28	35.880,84	44.070,12	183,63

Custo da actividade investigadora	6.648,28	2.028,13	8.676,41	11,48
Conceptos comúns (soldo, trienios...)	37.908,97			
	52.746,53	37.908,97	52.746,53	

Non se inclúen importes para actividade de xestión dado que o PDI do exemplo non desenvolve labores de xestión.

O importe “custo hora” está calculado no suposto de que o PDI do exemplo realizara as actividades que se inclúen no cadro seguinte, neste caso o PDI estaría no suposto A – Perfil investigador. Unicamente como referencia inclúense tamén os importes para os casos B e C.

Situación inicial: Agrupa os conceptos retributivos do PDI en función da súa afección a unha actividade concreta. Os conceptos comúns deben ser repercutidos a cada actividade en aplicación das porcentaxes calculadas no punto anterior.

Reparto dos conceptos comúns: Resultado de aplicar as porcentaxes de dedicación sobre os conceptos comúns para distribuír os importes entre docencia, investigación e xestión.

Situación final: Suma dos importes correspondentes a conceptos retributivos propios de cada actividade más o importe provenientes do reparto dos conceptos comúns.

Custo hora: Recolle o importe horas calculado no suposto da produtividade investigadora indicada no exemplo. Só se indican importes hora no Caso A – Perfil investigador, que sería o caso a aplicar para a producción indicada no exemplo.

Supoñendo que o PDI do exemplo participa durante todo o 2019 nun Proxecto do Plan Nacional, en dous contratos con empresa ao abeiro do Artigo 23 e que dirixe tres teses doutorais, este estaría encadrado no caso A. Supoñendo ademais que imparte catro materias de 60 horas cada unha, o custo de cada actividade sería o seguinte:

Táboa 3.4- Repercusión das retribucións do PDI nas actividades nas que participa. CASO A. Perfil Inv.

CASO A			
Custo actividade docente	21.150,36		
Total horas docencia	240		
Custo hora docencia	88,12649		
Número de actividades	Horas anuais	Custo anual	
Materia 1	1	60	5.287,59 (1)
Materia 2	1	60	5.287,59 (2)
Materia 3	1	60	5.287,59 (3)
Materia 4	1	60	5.287,59 (4)

Custo actividade investigadora	31.596,17		
Total horas investigación	756		
Custo hora investigación	41,7939		
Número de actividades	Horas á semana	Horas anuais (42 semanas)	Custo anual
Teses dirixidas	3	2	252 10.532,06 (5)
Proxectos do Plan Nacional	1	4	168 7.021,37 (6)
Contratos con empresas	2	4	336 14.042,74 (7)
Total retribucións (1+2+3+4+5+6+7)			52.746,53

▪ **Comportamento global do cadro de PDI en aplicación da Regra 23**

Ata aquí explicábase o funcionamento da Regra 23 e achegábase un exemplo concreto para facilitar a comprensión do seu funcionamento. Neste apartado recóllese o resultado da aplicación da Regra 23 sobre o total das retribucións do conxunto do cadro de PDI da USC no exercicio 2016, 2017, 2018 e 2019.

En primeiro lugar incluímos o resultado da aplicación a Regra 23 no relativo á distribución das HND entre a tarefa docente, investigadora e de xestión que, como se indicaba no apartado anterior, é función da producción investigadora de cada PDI.

A efectos de tratar a producción investigadora de cada PDI a regra agrupa estes en tres grupos

- A) Persoal fixo e interino de vacante e substitución
- B) Axudante doutor
- C) Asociados

Para o grupo C) a regra establece que o conxunto de Horas Non Distribuídas deben asociarse á actividade docente. Para os grupos B) e A) fixa un conxunto de condicións a partir das cales determinar se o 100%, o 50% ou o 0% de HND irán a Docencia ou a Investigación.

A continuación indícase que categorías, corpos e escalas son consideradas en cada un dos grupos definidos pola Regra 23, así como o número de efectivos existentes en cada categoría.

Táboa 3.5 - Tratamento das distintas categorías en relación á regra 23

Código	Categoría, Corpo, Escala	Grupo Regra 23	Efectivos 2016	Efectivos 2017	Efectivos 2018	Efectivos 2019	% Variación 18/19
A0500	Catedrático de Universidade	A	337	328	313	304	-2,88
A0504	Titular de Universidade	A	912	893	868	843	-2,88
A0505	Catedrático de Escola Universitaria	A	6	6	5	5	0,00
A0506	Titular de Escola Universitaria	A	59	55	50	46	-8,00
EX	Profesor Emérito	A	0	0	0	34	-
N	Profesor Laboral Asimilado a Titular E.U	A	5	5	5	5	0,00
PX	Profesor Contratado Doutor	A	256	290	291	290	-0,34
QX	Profesor Colaborador	A	13	12	12	11	-8,33
SX-TX	Profesor Interino por Substitución	A	45	63	89	90	1,12
VX-WX/VXST	Profesor Interino por Vacante / indefinido	A	89	57	50	43	-14,00
		Total	1.722	1.709	1.683	1.671	-0,71
FX	Profesor Axudante Doutor	B	33	35	51	85	66,67
		Total	33	35	51	85	66,67
Código	Categoría, Corpo, Escala	Grupo Regra 23	Efectivos 2016	Efectivos 2017	Efectivos 2018	Efectivos 2019	% Variación 18/19
HL	Lector	C	17	15	18	14	-22,22
HX-IX	Asociado	C	153	177	218	222	1,83
LX	Asociado Ciencias da Saúde	C	229	239	238	248	4,20
		Total	399	431	474	484	2,11
		Total	2.154	2.175	2.208	2.240	1,45

Executada a Regra 23 no relativo ao cálculo da porcentaxe a aplicar sobre as HND, o resultado obtido é o seguinte:

Táboa 3.6 - Resultado da aplicación da Regra 23 no relativo á distribución das HND.

Grupo Regra 23	Perfil	Efectivos 2016	Efectivos 2017	Efectivos 2018	Efectivos 2019	% Variación
A	Investigador	1049	1021	984	1058	7,52
A	Mixto	460	450	463	291	-37,15
A	Docente	213	238	236	321	36,02
B	Investigador	30	33	48	76	58,33
B	Docente	3	2	3	9	200,00
C	Docente	399	431	474	483	1,90
	Total	2.154	2.175	2.208	2.238	1,36

Esta información mostra como para o grupo de PDI máis numeroso, e a súa vez máis custoso (o encadrado no grupo A), a maior parte das HND son asociadas á actividade investigadora. Outro dato que debemos coñecer é que a porcentaxe de Horas Non Distribuídas chega ao 72,63 % sobre o total de horas anuais para este grupo. Estes dous factores explican a repercusión que ten esta parte da regra, dado que

ao fixar a que actividade se asignan as HND está fixando indirectamente as porcentaxes aplicadas sobre os conceptos retributivos comúns (soldo, trienios...) e, polo tanto, cal é o custo final repercutido nas materias e nos proxectos de investigación.

O resultado da aplicación do algoritmo de cálculo é que a maior parte das HND recaen na actividade investigadora; o que se traduce en que a maior parte das retribucións pendentes de distribuír son finalmente imputadas como custo ás actividades de investigación. Este resultado apréciase nas seguintes táboas e gráficas:

Táboa 3.7 - Distribución inicial das retribucións do PDI por tipo de actividade

	Custo anual. Situación inicial	Peso inicial das retribucións da docencia fronte a investigación 2019(%)	Peso inicial das retribucións da docencia fronte a investigación 2018 (%)	Peso inicial das retribucións da docencia fronte a investigación 2017 (%)
Docencia	11.994.254,30	64,98	63,63	63,26
Investigación	7.164.688,51	38,82	37,33	36,74
Xestión	1.132.070,50			
Conceptos comúns a distribuir	80.401.594,75			
T. retribucións PDI 2019	100.692.608,06		Variación nas retribucións 18/19	2,12
T. retribucións PDI 2018	98.600.107,99		Variación nas retribucións 17/18	1,36
T. retribucións PDI 2017	97.278.461,19			

Unha vez aplicada integralmente a Regra 23 (PDI por PDI) o peso relativo da investigación fronte a docencia aumenta considerablemente, pasando do 38,82% ao 49,71%.

Táboa 3.8 - Asignación das retribucións do PDI por tipo de actividade unha vez aplicada a Regra 23,
Recolle a asignación de todos os conceptos retributivos.

	Custo anual	Docencia fronte Investigación 2019 (%)	Docencia fronte Investigación 2018 (%)	Docencia fronte Investigación 2017 (%)
Docencia	48.035.196,39	50,29	48,77	48,51
Investigación	47.486.133,55	49,71	51,23	51,49
Xestión	5.177.041,44			
Total retribucións PDI 2019	100.698.371,38		Variación nas retribucións 18/19	2,12
Total retribucións PDI 2018	98.607.829,71		Variación nas retribucións 17/18	1,54
Total retribucións PDI 2017	97.297.153,77			

Representando o resultado da aplicación da Regra 23 sobre os tres grandes grupos de actividades (docencia, investigación e xestión) obtense:

Gráfico 3.2 - Distribución inicial das retribucións do PDI por tipo de actividad





Gráfico 3.3 - Asignación das retribucións do PDI por tipo de actividad unha vez aplicada a R.23



Reasignación de custos de persoal docente e investigador por grupo de actividades en aplicación da Regra 23.

Hai que indicar que neste apartado únicamente estamos tratando os custos procedentes das retribucións de PDI correspondentes ao Capítulo I da contabilidade orzamentaria; os pagos por colaboración en actividades de investigación ou en másteres propios non se ven afectados por esta regra.

Tendo en conta que as retribucións de Capítulo I do PDI constitúen o 39,68% do custo global da actividade da universidade (100.698.372 fronte 253.788.769) a definición desta regra será a que determine en maior medida os resultados obtidos en aplicación do Modelo. A nova definición para esta regra, actualmente en fase de

aprobación, achegará unha mellora significativa na asignación destes custos, ao introducir maior precisión na asignación da dedicación do PDI ás súas actividades e rematar coa asignación indirecta da dedicación ás actividades de investigación.

3.3. *Criterios e fases de reparto*

Aplicada a Regra 23, e a correspondente para PAS e para o persoal de actividades financiadas con cargo a Capítulo VI e II, o conxunto de retribucións están vinculadas directamente a actividades e centros concretos (son custos Directos a Centros e Directos a Actividades), indicar que desde 2016 apícase unha mellora importante que permite mostrar os custos procedentes das regras 23 (PDI) e 24 (PAS), e os custos procedentes dos programas institucionais de recursos humanos de investigación, nun campo específico nas táboas (“custos primarios indirectos”). Outros custos tamén son identificados como DD grazas á información dispoñible no sistema de contabilidade orzamentaria, pero hai custos que únicamente poden ser relacionados con Centros de Nivel Superior ou con Centros de Último Nivel e para os cales deberemos aplicar criterios de reparto que nos permitan levar estes ás actividades de último nivel definidas. O Modelo tamén determina que as actividades Auxiliares e as Directivas e Administrativas deben ser repercutidas ás actividades definidas como Finalistas.

Describense aquí brevemente as fases de reparto aplicadas sobre a Contabilidade Analítica de 2019 co obxecto de facilitar a comprensión do funcionamento do Modelo e dos resultados obtidos. Estas fases son aplicadas secuencialmente posibilitando, ao completarse o proceso, coñecer o custo das actividades definidas como Finalistas (materias, titulacións, actividades de investigación ou de extensión e anexas). Complementariamente, obtense o custo do resto de actividades definidas (Auxiliares e DAG).

- **Reparto de custos indirectos a Actividades (ECACi)**

Esta fase inclúese a partir deste exercicio 2016 co único obxecto de permitir a carga dos custos de persoal de capítulo I e dos programas institucionais de recursos humanos (Regra 23, 24 e programas institucionais de RRHH de investigación) na aplicación CANOA como custos primarios indirectos. Este tratamento non altera os resultados

obtidos no Modelo e únicamente se utiliza para facilitar a visualización dos informes, esta cuestión tamén explica a existencia de importes na fase previas (asignación de Custos Directos a Centros e asignación de Custos Directos Actividades).

- **Reparto de Centros Nivel Superior a Centros de Último Nivel (CXCN)**

Como se explicou anteriormente, a estrutura de centros de custo é unha estrutura xerárquica que parte de Campus e finaliza en Departamento pasando por Facultade, por exemplo. Hai moitos dos custos que son imputados nunha primeira instancia a Campus ou a Facultades (edificios) e que necesitamos repercutir a Centros de Último Nivel (C.U.N.) previamente á súa imputación ás actividades realizadas por cada C.U.N. Nesta situación atópanse os custos de seguridade ou xardinería que inicialmente están vinculados ao Campus e que son repercutidos a C.U.N. (Departamentos, Bibliotecas, Residencias Universitarias, Cultura...) en función do *número de metros cadrados (M2)*, ou os custos de subministracións, limpeza e amortización dos diferentes edificios que son repercutidos aos C.U.N. existentes en cada edificio a través, igualmente, do *criterio de M2*, ou os custos de envíos postais centralizados son repartidos a través do criterio de *Número de Pessoas Equivalentes (NPE)* adscritas ao centro.

- **Pendentes de centros de custo a actividades (CNAC)**

En aplicación desta fase os importes que están relacionados únicamente con centros son repartidos entre as actividades desenvolvidas por cada centro a través do criterio de *Custo Acumulado (CA)*. O exemplo más claro da aplicación deste criterio é a dos custos de funcionamento dun departamento que son distribuídos entre cada unha das materias impartidas e cada unha das actividades de investigación realizadas polo departamento. Aquelas actividades que teñen máis custo directo reciben más importes procedentes da aplicación desta fase de reparto, sendo o reparto directamente proporcional aos custos acumulados polas actividades.

- **Reparto e Agregación de Custos de Actividades de Nivel Superior a Actividades de Nivel Inferior (AXAN).**

Desde o exercicio 2016 utilizase esta fase de reparto en CANOA para posibilitar a repercusión de custos inicialmente repercutidos a dúas titulacións adscritas.

- **Reparto de actividades Auxiliares a Centros (AUCN).**

Actualmente defínense como centros auxiliares a “Área TIC”, a “Área de Infraestruturas, Vixilancia e Saúde”.

Esta fase leva os custos destes centros ao resto de centros. Neste caso o criterio definido para o reparto foi o de *Número de Persoas Equivalentes*. Así, por exemplo, aqueles departamentos con máis persoal recibirán más custo procedente do funcionamento da “Área TIC”.

- **Reparto das actividades Auxiliares en Centros ás súas actividades (CAAC).**

Os custos que na fase anteriormente descrita foron repercutidos aos Centros de Último Nivel, nesta fase repártense ás diferentes actividades desenvolvidas por estes a través do criterio de *Custo Acumulado* (aqueles actividades que teñen máis custo acumulado ata o momento reciben máis importes procedentes da aplicación desta fase de reparto).

- **Reparto de actividades DAG (ANAN).**

Nesta última fase os custos asociados ás actividades de Dirección e Administración son repercutidos ás actividades Finalistas do seu ámbito. O criterio aplicado nesta fase é o de *Custo Acumulado*. Por exemplo, o custo da actividades DAG vinculadas á Facultade de Física, que inclúe o custo do Decanato e o custo da unidade de apoio á xestión do centro, so é repercutido ás materias e ás actividades de investigación desenvolvidas polos departamentos emprazados nesa facultade; os custos da actividade DAG denominada “Área de xestión da docencia”, que agrupa servizos como o Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica e o Servizo de Xestión Académica, é distribuído entre todas as actividades docentes.

A continuación incluímos unha captura de pantalla da aplicación CANOA no que se pode ver a repercusión de cada unha das fases descritas, na Contabilidade Analítica de 2019.

Datos del Último Proceso de Repartos

- Número de Reparto: 1
- Periodo: 01/01/2019 AL 31/12/2019
- Descripción: Resultado de actividades 2019. Reparto executado o 29-04-2020 - 01/01/2019 - 31/12/2019
- Duración Reparto: Inicio 29/04/2020 08:39:58 Fin 29/04/2020 09:07:41
- Duración Agregación: Inicio 29/04/2020 09:22:05 Fin 29/04/2020 09:46:44
- Porcentaje de Error: 0,0001

Fase	Descripción	Total Entrada	Total Salida
<u>ECCCd</u>	Asignación de Costes Directos a Centros	253.788.780,8700	253.788.780,8700
<u>ECCCi</u>	Reparto de Costes Indirectos a Centros	0,0000	0,0000
<u>ECACd</u>	Asignación de Costes Directos a Actividades	52.845.320,4000	52.845.320,4000
<u>ECACi</u>	Reparto de Costes Indirectos a Actividades	159.818.770,8200	159.818.770,8200
<u>CXCN</u>	Reparto y Agregación de Costes de Centros de Nivel Superior a Centros de Nivel Inferior	5.939.474,0500	5.939.474,0515
<u>CNAC</u>	Reparto y Agregación de Costes Pendientes de Centros a Actividades	41.124.689,6515	41.124.689,6177
<u>AXAN</u>	Reparto y Agregación de Costes de Actividades de Nivel Superior a Actividades de Nivel inferior	71.822,2520	71.822,2518
<u>AUCN</u>	Reparto y Agregación de Costes de Actividades Auxiliares a Centros	8.890.414,0613	8.890.414,0625
<u>CAAC</u>	Reparto y Agregación de Costes de Centros, procedentes de Actividades Auxiliares a Actividades	8.890.414,0625	8.890.413,4419
<u>AUAN</u>	Reparto y Agregación de Costes, procedentes de Actividades Auxiliares, de Actividades de Nivel Superior a Actividades de Nivel Inferior	0,0000	0,0000
<u>ANAN</u>	Reparto y Agregación de Costes de Actividades de Nivel Inferior	<u>35.880.671,7341</u>	<u>35.880.660,9692</u>
TOTAL	Totales de Entrada y Salida	253.788.780,8700	253.788.769,4532

Total Entrada: Refírese aos importes repercutidos ás actividades de último nivel en aplicación do conxunto de fases de reparto.

Total Saída: Refírese ao importe que as actividades de nivel superior definidas na xerarquía de actividades reciben como resultado da agregación dos custos das actividades de nivel inferior dependentes.

A diferenza existente entre o total de entrada e de saída débese a múltiples operacións de redondeo executadas nas diferentes fases de reparto e agregación; hai indicar que nestes procesos execútanse centos de miles de operacións de cálculo.

As fases nas que se mostra importe cero son fases nas que a súa aplicación non foi necesaria.

3.4. Formación de custos por grupo de actividades

3.4.1. Custos de actividades auxiliares

As actividades auxiliares definidas na USC son desenvolvidas por Persoal de Administración e Servizos. Estas actividades reciben os seus custos maiormente das retribucións percibidas polo persoal vinculado a través da Relación de Postos de Traballo (RPT) a cada unha das unidades nas que se desenvolven. Os custos tamén inclúen todos aqueles gastos incorporables imputados directamente ás unidades a

través das diferentes partidas orzamentarias xestionadas por estas. Por último, na formación do custo tamén entra a parte recibida en aplicación das fases reparto de “Centro de Nivel Superior a Centro de Último Nivel (CXCN)” e de “Centro de Nivel Inferior a actividades (CNAC)” (limpeza e seguridade por exemplo, repercutidos en función dos M2 ocupados, no primeiro caso desde o edificio e no segundo desde o campus)

3.4.2. Custos de actividades de dirección e administrativas (DAG)

Estas actividades son desenvolvidas tanto por PDI como por PAS. No caso do PDI, os custos veñen dados polo concepto retributivo asociado a “cargos” e por importes devoltos en aplicación da Regra 23 (ver táboa 3.0.-Dedicación á actividade directiva). No caso do PAS o custo ven determinado polo conxunto das súas retribucións. Os custos directos tamén inclúen os gastos incorporables existentes nas partidas orzamentarias de cada un dos centros directivos e administrativos que desenvolven a actividade DAG e aqueles custos indirectamente recibidos en aplicación das fases “CXCN”, “CNAC” e “Actividades auxiliares en centros ás súas actividades (CAAC)“

▪ Órganos de goberno

Defínese unha actividade para cada un dos órganos de goberno existentes, contendo cada actividade como custo as retribucións do cargo, das secretarías de dirección, dos asesores e os custos incorporables, os relacionados directamente co cargo, das partidas vinculadas. Os custos destas actividades complétanse cos custos repercutidos en aplicación das fases “CXCN”, “CNAC” e “CAAC”.

▪ Dirección de centros e das Unidades de Apoio á Xestión

Estas actividades conteñen os custos das retribucións dos cargos asociados á dirección de cada un dos centros e as do PAS vinculado a través da RPT aos mesmos, así como as diversas partidas de funcionamento e os custos repercutidos en aplicación das fases de reparto anteriormente descritas.

▪ Servizos e áreas administrativas

A determinación do custo derívase dos custos das retribucións do PAS asociado a través da RPT aos servizos e áreas administrativas e os gastos incorporables das partidas orzamentarias asociadas, así como os custos procedentes das fases de reparto anteriormente descritas.

Desde o exercicio 2015 *pasan a considerarse como centros de custo mixtos os seguintes: Servizo de Relacións Exteriores, Xestión de Investigación, Xestión de Transferencia de resultados e o Centro de Estudos Propios, Centro Internacional de Estudos de Doutoramento e Avanzados*, que en anteriores exercicios considerábanse como centros exclusivamente DAG, áínda que na práctica se lles asignaban actividades finalistas. Para estes centros a actividade DAG recibe o custo de todo o persoal do centro e aqueles custos pendentes no propio centro (luz, limpeza...), pero as actividades finalistas só reciben, nunha primeira fase, os custos directos destas. Mais adiante, na aplicación da fase de reparto ANAN (reparto do custe acumulado nas actividades DAG ás actividades finalistas relacionadas) será cando estas actividades finalistas reciban o custe das actividades DAG do centro. Desde o 2019 o tratamento dado ao Servizo de Relacións Exteriores difire do aquí indicado, ao definirse este de xeito mais pormenorizado, no seguinte apartado descríbese o tratamento dado.

3.4.3. Custos de actividades finalistas

▪ Docencia

Os custos da docencia oficial son os recibidos polas súas actividades de nivel inferior, as materias, tendo estas como custos primarios indirectos aqueles que proveñen da aplicación da Regra 23, áínda que no caso dalgunha titulación existen custos directamente relacionados (custos primarios directos) procedentes de gastos incorporables realizados contra partidas específicas destes estudios (algo que acontece, por exemplo, para aqueles másteres con ingresos específicos procedentes de convenios que dotan crédito).

As horas de docencia correspondentes a cada materia para o exercicio 2019 proceden dos cursos académicos 2018/2019 e 2019/2020. A continuación inclúense información sobre o peso dado a cada tipo de materia para o cálculo do total de horas imputables a un exercicio contable concreto:

Número de horas dunha materia nun exercicio

Fórmula empregada para calcular o número de horas dunha materia para un exercicio en función do curso académico, do tipo de estudo e da tipo de materia (exercicio de referencia 2019)

Materia	Fracción 2019	ECTS	T. Curso meses	2018			2019			2020		
				Convocatoria extraordinaria Xullo	T. meses		Convocatoria Extraordinaria Xullo	Meses	Fracción	Convocatoria Extraordinaria Xullo	T. Meses	
MTC1	1,5/5,5 HmTc1_18 4/5,5 HmTc1_19	18/19 19/20	5,5 5,5	Setembro - Decembro	4	4	Xaneiro	1	0,5	1,5	1,5/5,5	
MTC2	1 HmTc2_18 0 HmTc2_19	18/19 19/20	5,5 5,5	Setembro - Decembro	4	4	Setembro - Decembro	4	4	Febreiro - Xuño	1	4/5,5
MTA	7/11 HmTa_18 4/11 HmTa_19	18/19 19/20	11 11	Setembro - Decembro	4	4	Xaneiro - Xuño	6	1	7	7/11	
MGC1	1,5/5,5 HmGc1_18 4/5,5 HmGc1_19	18/19 19/20	5,5 5,5	Setembro - Decembro	4	4	Setembro - Decembro	4	4	Xaneiro	1	1,5/5,5
MGC2	1 HmGc2_18 0 HmGc2_19	18/19 19/20	5,5 5,5	Setembro - Decembro	4	4	Xaneiro	1	0,5	4	4/5,5	
MGA	7/11 HmGA_18 4/11 HmGA_19	18/19 19/20	11 11	Setembro - Decembro	4	4	Setembro - Decembro	4	4	Febreiro - Xuño	5	1
							Xaneiro - Xuño	6	1	7	7/11	
							Setembro - Decembro	4	4	Xaneiro - Xuño	6	1
									4/11	Setembro - Decembro	4	7

$$\begin{aligned} \text{Total H_19} = & \text{ HmTc1_18} * (1,5/5,5) + \text{HmTc1_19} * (4/5,5) + \text{HmTc2_18} + \text{HmTa_18} * (7/11) + \text{HmTa_19} * (4/11) \\ & + \text{HmGc1_18} * (1,5/5,5) + \text{HmGc1_19} * (4/5,5) + \text{HmGc2_18} + \text{HmGA_18} * (7/11) + \text{HmGA_19} * (4/11) \end{aligned}$$

$$\text{Importe_hora_19} = \text{NominaDocencia_19} / \text{Total H_19}$$

Na fórmula exposta realizanse as seguintes simplificacións:

- Supoñemos que temos xa calculado o total das retribucións anuais para o PDI concreto en relación a súa actividade docente
- Supoñemos que as materias que imos a calcular só teñen asociado un PDI.
- Supoñemos que o PDI imparte docencia en titulacións e graos

Denominación dos campos:

MTC1: Materia 1º cuadrimestre de Titulación

MTC2: Materia 2º cuadrimestre de Titulación

MTA: Materia anual de titulacións

MGC1: Materia 1º cuadrimestre de grao

MGC2: Materia 2º cuadrimestre de grao

MGA: Materia anual grao

O número de horas dunha materia no exercicio de análise é función do tipo de materia (anual ou cuadri mestral), do tipo de estudos do que forme parte (grao, máster, programa de doutorado e licenciatura, este último praticamente extinguido) e do curso académico (2018/2019 ou 2019/2020).

Os custos primarios indirectos (procedentes na práctica totalidade da aplicación da Regra 23) son incrementados polos custos indirectos procedentes dos Departamentos que as imparten e as aulas e laboratorios relacionados (custos cargados no sistema como DP), e os custos das actividades DAG daqueles centros directivos e administrativos relacionados con cada unha das materias.

O tratamento aquí descrito tamén é de aplicación aos programas de doutoramento que recollen os custos das materias de titulacións oficiais relacionadas coas teses como complementos formativos, pero non ás teses propiamente ditas, que son tratadas como actividades de investigación.

Tal e como se deduce do exposto ata o momento os resultados obtidos para docencia oficial están dispoñibles a nivel de materia pero neste informe, son agregados a nivel de titulación e gran área (Resultado de actividades, apartado 4).

En canto á docencia non oficial hai que indicar que, polo momento, non se lle aplica a regra 23 a estas actividades, ni se definen a nivel de materia, á espera da aprobación do novo modelo e á próxima integración da xestión destas en Xescampus.

■ **Investigación e transferencia**

Os custos primarios directos das actividades de investigación veñen establecidos por todos aqueles gastos incorporables á Contabilidade Analítica imputados na partida orzamentaria específica de cada actividade de investigación, os custos primarios indirectos recollen aqueles obtidos en aplicación da Regra 23 e pola repercusión do custos dos programas de RRHH de investigación. A Regra 23 neste caso, ademais de determinar o custo por hora de investigación de cada PDI, fixa o número de horas semanais atribuíbles a cada PDI en función do tipo de actividade de investigación do que se trate.

En ausencia dun rexistro de dedicación á actividade investigadora, a única alternativa posible pasa por cuantificar as horas empregadas por cada PDI en cada actividade de investigación en función do tipo de actividade (proxecto europeo, nacional, autonómico, actividade suxeita ao artigo 83 da LOU...) e da información da data de alta e baixa do PDI no equipo de investigación de cada unha das actividades. Tendo isto en conta, o custo de PDI dunha actividade de investigación será igual ao custo por hora de investigación dese PDI, multiplicado polo número de horas semanais establecidas pola Regra 23 para o tipo de actividade e, á súa vez, multiplicado polo número de semanas nas que o PDI traballa na actividade.

Por outra banda hai que indicar que desde o exercicio 2015 aplícase unha mellora importante que permitiu *repercutir os custos dos programas institucionais de recursos humanos de investigación (Ramón y Cajal, programas posdoutorais da Xunta, FPU...)* ás *actividades de investigación nas que desenvolve a súa labor o persoal financiado con cargo a estes programas*. Ao persoal doutor dáselle un tratamento similar ao establecido pola regra 23 para o PDI con perfil investigador, considerando unha dedicación á docencia igual a dúas veces o rexistrado no POD, e o resto de horas, ata completar a xornada anual, asígnanse á actividade investigadora, non contemplándose para este persoal ningunha hora asociada a innovación docente ou investigadora. Os custos do persoal non doutor destes programas (FPU, FPI, programa predoutoral Xunta...) repercutense no conxunto de actividades de investigación do responsable de cada un dos doutorandos. Para facilitar a identificación destes custos nas diferentes actividades de investigación déronse de alta un conxunto de elementos de custo específicos coa denominación propia de cada programa. En calquera caso, estes programas mantéñense como actividades específicas dentro de CANOA co obxecto de posibilitar o seguimento dos ingresos.

As actividades de investigación tamén recibirán aqueles custos de persoal propios das mesmas (contratos de capítulo VI vinculados á actividade e as retribucións por colaboracións de PDI e PAS).

A regra 23 establece unha dedicación de cero horas semanais para varios dos tipos de actividades de investigación e, en consecuencia, para estas actividades o custo de PDI devolto pola regra é de cero euros. Neste caso están as reunións científicas e outras actividades de

investigación que se corresponden con convocatorias de recursos humanos ou de inversión en equipamentos, entre outras.

En relación ás teses doutorais, indicar que a USC decidiu agregar as teses a nivel do departamento e sección departamental dos directores/codirectores, e, desde 2019, tamén a nivel de centros singulares, téndose definido un total de 131 actividades de teses doutorais na contabilidade analítica. A regra 23 fixa en 2 horas semanais a dedicación á dirección/codirección de cada tese, que a USC decidiu ratear entre o número total de directores/codirectores da tese.

A continuación inclúese a relación existente entre a tipoloxía de actividades de investigación rexistradas na Área de Xestión e Valorización da I+D e a tipoloxía de actividades de investigación definidas polo Modelo contable, así como o número de horas semanais asociadas a cada tipo de actividad. Só no caso das Teses o número de horas semanais son rateadas entre o número de directores/codirectores.

Desde o exercicio 2017 danse de alta os Programas de Investigación de Xestión Integrada (PIXIs) no tratamiento do Modelo contable. O anexo H achega un informe específico que permite coñecer o resultado de actividade destes programas.

Táboa 3.9 - Tratamento das actividades de I+D+i na Regra 23								
Código Rexistro	Tipo actividad Canoa	Proxecto de investigación	Proxecto competitivo	Artigo 83	Horas semanais			
					Tipo actividad Canoa	Descripción	Grupo de actividadade	Horas / Semana
Actividades institucionais no eido de I+D+i								
AD	NA	NON	NON	NON	NA	Non procede aplicar	Non procede aplicar	0
AF	NA	NON	NON	NON	NA	Non procede aplicar	Non procede aplicar	0
AT	NA	NON	NON	NON	NA	Non procede aplicar	Non procede aplicar	0
Actividades suxeitas a contratos/convenios								
CE	3B	SI/NON	NON	SI	3B	Art 83	3-Investigación aplicada	4
CI	3B	NON	NON	SI	3B	Art 83	3-Investigación aplicada	4
CL	3B	NON	NON	SI	3B	Art 83	3-Investigación aplicada	4
CP	3B	SI/NON	NON	SI	3B	Art 83	3-Investigación aplicada	4
CU	3B	NON	NON	SI	3B	Art 83	3-Investigación aplicada	4
Actividades de formación e contratación de RR.HH suxeitas a convocatoria dun Programa/Plan Institucional								
HG	NA	NON	NON	NON	NA	Non procede aplicar	Non procede aplicar	0
HI	NA	NON	NON	NON	NA	Non procede aplicar	Non procede aplicar	0
HN	NA	NON	NON	NON	NA	Non procede aplicar	Non procede aplicar	0
HO	NA	NON	NON	NON	NA	Non procede aplicar	Non procede aplicar	0
HU	NA	NON	NON	NON	NA	Non procede aplicar	Non procede aplicar	0

Tratamento das actividades de I+D+i na Regra 23 (Continúa)								
Código Registro	Tipo actividad CANOA	Proxecto de investigación	Proxecto competitivo	Artigo 83	Tipo actividad CANOA	Horas semanais		
						Descripción	Grupo de actividadade	Horas / Semana
Actividades suxeitas á convocatoria nun Programa/Plan Institucional para I+D								
PG	2C	SI	SI	NON	2C	Plan Galego	2-Investigación fundamental	3
PI	3A	SI	SI	NON	3A	Marco	3-Investigación aplicada	6
PN	2B	SI	SI	NON	2B	Plan Nacional	2-Investigación fundamental	4
PO	2C	SI	SI	NON	2C	Plan Galego	2-Investigación fundamental	3
PP	NA	NON	NON	NON	NA	Non procede aplicar	Non procede aplicar	0
XU	2C	NON	NON	NON	2C	Prog. Inst. Xestion Integrada	2-Investigación fundamental	0
Actividades asociada á organización de reunións científicas								
RC	NA	NON	NON	NON	NA	Non procede aplicar	Non procede aplicar	0
Actividades estables								
SG	NA	NON	NON	NON	NA	Non procede aplicar	Non procede aplicar	3
SX	3C	NON	NON	SI	3C	Creacións artísticas por encargo	3-Investigación aplicada	4
Teses								
TE	1A	NON	NON	NON	1A	Teses	1-Investigación básica	2

Código rexistro: codificación emplegada na Área de Xestión e Valorización da I+D para categorizar as actividades rexistradas.

Tipo actividad CANOA: clasificación das actividades de investigación establecida polo Modelo CANOA.

Grupo de actividadade: Agrupación establecida polo Modelo CANOA na Regra de normalización nº 23 e que fixa o número de horas de dedicación.

Os custos primarios (directos e indirectos) descritos ata o momento son incrementados polos custos indirectos procedentes dos centros que desenvolven cada unha das actividades de investigación, así como nos custos das actividades DAG daqueles centros directivos e administrativos relacionados con cada actividade de investigación concreta.

▪ **Biblioteca Universitaria e Arquivo Histórico**

Os custos primarios destas actividades proveñen dos custos do PAS asociado a elles a través da Relación de Postos de Traballo (RPT), primarios indirectos, así como dos custos de funcionamento e doutro tipo procedentes dos gastos incorporables recollidos nas partidas orzamentarias das diferentes Bibliotecas e do Arquivo Histórico, dados de alta como primarios directos da actividade ou vinculados ao centro. Finalmente os custos increménntanse con aqueles que recibe indirectamente a través da aplicación das diferentes fases de reparto descritas anteriormente.

▪ **Extensión universitaria**

Os custos primarios destas actividades proveñen dos custos do PAS asociado a elles a través da RPT, primarios indirectos, así como dos custos de funcionamento e doutro tipo procedentes dos gastos incorporables recollidos nas partidas orzamentarias dos diferentes servizos ou áreas que desenvolven estas actividades, dados de alta como primarios directos da actividade ou vinculados ao centro. Finalmente os custos increménntanse con aqueles que recibe indirectamente a través da aplicación das diferentes fases de reparto descritas anteriormente.

▪ **CLM, Deportes**

Para o Centro de Linguas Modernas e o Servizo de Deportes o tratamento é o descrito no apartado anterior, pero téndose definido en detalle o seu catálogo de actividades (idiomas e cursos, actividades deportivas e programas) así como a relación de centros de custo precisos para realizar correctamente o cálculo do custo de cada

actividade (seccións de idiomas, instalacións deportivas, seccións do S.R.E. e as súas correspondentes unidades DAG)

3.4.4. Custos de actividades anexas

A USC definiu inicialmente como actividades anexas a Escola Infantil Breogán e as concesionarias, pero desde 2016 trata tamén como anexos o Servizo Universitario de Residencias (SUR) e a Imprenta. Neste informe achegamos resultados da Escola Infantil, do SUR e da Imprenta.

Os custos primarios desta actividade proveñen dos custos do PAS asociado a ela a través da RPT, primarios indirectos, así como dos custos de funcionamento e doutro tipo procedentes dos gastos incorporables recollidos nas partidas orzamentarias propias, dados de alta como primarios directos da actividade ou vinculados ao centro. Finalmente os custos increménтанse con aqueles que recibe indirectamente a través da aplicación das diferentes fases de reparto descritas anteriormente.

3.5. Fase de agregación

O obxectivo final das fases de reparto é repercutir cada un dos custos soportados pola universidade ás actividades definidas como actividade finalista, e anexas, de último nivel (materias, proxectos de investigación, actividade de extensión). Finalizados os procesos de reparto, coñeceremos, por exemplo, cal é o custo dunha materia e a procedencia do mesmo (que en parte é derivada das retribucións por docencia, da amortización da facultade, do custo do decanato, dos servizos TIC...). A fase de agregación é o proceso que nos permite ir agrupando os custos das actividades de último nivel en sentido ascendente sobre os diferentes niveis xerárquicos definidos na estrutura de actividades, posibilitándose deste xeito o coñecemento do custo da materia, pero tamén o do conxunto da titulación, da grande área ou do campus. Igualmente coñeceremos cal é o custo dun proxecto, pero tamén de toda a actividade investigadora da universidade; ou dun master e do conxunto da actividade docente oficial ou non oficial.

3.6. *Melloras implementadas na Contabilidade Analítica de 2019*

O exercicio 2019 é o séptimo para o cal se presenta o informe de resultados de actividade, informe similar en canto a estrutura ao de anos anteriores, pero que mostra uns datos que se apoian en procesos sobre os que se teñen introducido melloras significativas. Neste apartado relacionamos aquelas melloras acometidas ao longo destes últimos anos e que teñen maior repercusión nos resultados mostrados no informe, a inclusión deste apartado tamén ten a finalidade de servir de actualización do "Documento de personalización do Modelo de Contabilidade Analítica da USC", documento aprobado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte en 2012 e que é a base do sistema en funcionamento na nosa universidade. Nas seccións do informe relacionadas co ámbito concreto de cada una destas actuacións achégase información detallada das mesmas:

Ao largo do último ano o esforzo, no ámbito de mellora, centrouse na participación no "Grupo de Trabajo. Contabilidad analítica, sistemas de financiación y de información de la Comisión Sectorial Crue-Gerencias", que se creou co obxectivo de revisar integralmente o "Modelo de Contabilidade Analítica para Universidades. Personalización do Modelo C.A.N.O.A". A experiencia acumulada pola universidade neste ámbito, permitíunos ter un papel importante no grupo, achegar propostas normativas, exemplos de cálculo e defendendo estas en diferentes ámbitos de decisión.

A proposta definitiva para o novo modelo redactouse e acordouse coa participación de 17 universidades e do anterior Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, a través da Secretaría General de Universidades. Esta proposta recolle un conxunto de melloras que permitirán obter uns resultados mais precisos para os custos das actividades e que, para poder aplicarse na nosa universidade, previamente tiñan que formar parte da normativa. Na proposta tamén se inclúe unha revisión dos indicadores de xestión que neste informe xa se inclúen nun apartado específico. Actualmente o texto está en fase de aprobación.

Neste exercicio tamén aplicamos as seguintes melloras:

-
- a) Actualización da xornada anual a aquela marcada pola normativa para cada ano, 1.456 en 2019, o cal permite uns resultados más axustados a realidade laboral vixente.
 - b) Revisión integral dos criterios empregados para identificación das actividades de investigación a dar de alta no sistema analítico o que permite evitar altas de actividades non activas.
 - c) Identificáronse o PDI dos centros singulares (e IGFAE), co cal poidemos vincular, por exemplo, teses doutorais tamén a estes centros, anteriormente so se relacionaban con departamentos.
 - d) Deuse de alta como centro de custo o Museo Domus do Mitreo e Pemade e revisouse o tratamento dado a RIADT

Melloras consolidadas en 2018, aplicadas xa no 2017, e que teñen una especial relevancia nos resultados obtidos:

- e) Alta do catálogo de actividades do Servizo de Deportes e do Centro de Lingua Modernas e inclusión das súas estruturas de centros de custo no sistema contable.
- f) Redución dos prazos de obtención da información requerida en varias semanas posibilitando o cerre do proceso de cálculo a data 3 de maio.
- g) Imputación como custos directos a centros e actividades de parte dos custos calculados de amortización de bens móbiles (ata o 2016 este elemento era relacionado exclusivamente con centros).

Melloras consolidadas en 2017, aplicadas xa no 2016, e que teñen una especial relevancia nos resultados obtidos:

- h) Actualización na aplicación de Xestor de Espazos:
 1. Deuse de alta a cartografía dos edificios pendentes: Citius, Cebega, laboratorios da Facultade de Ciencias,

Laser Pet, almacén do Burgo e os vestiarios do pavillón polideportivo e do campo de fútbol e as pistas de tenis.

2. Normalizáronse os códigos de edificios, departamentos, centros, servizos e áreas, e a súa denominación.
3. Actualizouse e automatizouse o algoritmo de asignación de espazos a centros de custo, adaptándose estes a interpretación dada polo Ministerio no documento denominado “FAQ sobre a contabilidade analítica de xullo de 2016” mediante a caracterización dos espazos (asignación directa, indirecta ou non computables), dos usos e das súas categorías e “usuarios”.
4. Reasignáronse os espazos aos novos departamento/seccións xurdidos da restrukturación acometida en xuño de 2016.
5. Revisouse a asignación dos espazos da maioría dos servizos e areas vinculadas ás actividades do PAS (tanto DAG como finalistas, anexas ou auxiliares).

Dispoñemos, con estes traballos, da información dos metros cadrados (M2) de cada centro de custo introducindo niveis de desagregación por edificio, categoría de uso, uso, espazo e porcentaxe de asignación, o que nos permite a revisión da asignación dos espazos ao centros de custo e, a súa vez, acometer o conxunto de melloras descritas a continuación e que afectan positivamente á imputación dos custos de subministracións, limpeza, amortización de bens inmobles e seguridade entre outros.

- i) Amortización de bens inmobles. Dispoñer dos M2 que cada centro de custo ocupa en cada edificio concreto nos permite asignar o custo da amortización de cada edificio únicamente aos centros de custo presentes no edificio amortizado, mellorándose substancialmente a asignación deste elemento (ata este exercicio o importe da amortización do conxunto de edificios

era repartido entre a totalidade de centros de custo sen ter en conta a vinculación do centro de custo co edificio).

- j) Subministracións (enerxía eléctrica, gas natural, auga e gasóleo). O despregue de contadores nos edificios que está a levar a cabo a Unidade de Enerxía da Área de Xestión de Infraestruturas, nos permite coñecer cales son os consumos de cada un dos edificios. Este dato, conxugado coa información que se extrae actualmente do Xestor de Espazos, permite unha imputación dos custos de subministracións moito más próximos á realidade; lémbrese que ata a data o reparto realizábase entre o conxunto de centros de custo en función dos M2, sen considerar o edificio no que se localiza o centro de custo. Para aqueles edificios para os que áínda non se teñen contadores ou lecturas suficientes realizanse reparto indirecto (en función da potencia instalada e dos M2), progresivamente iranse instalando novos contadores.
- k) Limpeza. A desagregación de datos dispoñible agora no Xestor de Espazos tamén permitiu relacionar o dato das xornadas necesarias para a limpeza de cada edificio cos centros de custo presentes en cada edificio e aplicar esta relación sobre o custo total do servizo de limpeza. Identificando previamente cada edificio con un dos tres grupos definidos no contrato de limpeza, investigación, servizo de residencias ou restantes edificios. Neste punto tamén se traballou a normalización dos códigos e nomes dos edificios co Servizo de Xestión Económica.
- l) Seguridade e outros elementos de custo. A actualización feita na asignación dos M2 aos centros de custo tamén repercutiu positivamente en todos aqueles repartos executados baixo o criterio de metros cadrados (seguridade, obra RAM, xardinería ...).
- m) Alta dos custos de persoal como directos a centros e indirectos a actividades. Esta modificación nos permitiu desagregar nunha columna específica (custos primarios indirectos) aqueles custos procedentes da aplicación da regra 23 e 24 (repercusión do custo de capítulo I ás actividades desenvoltas polo persoal deste capítulo), así como os custos procedentes dos programas

institucionais de recursos humanos de investigación. Hai que indicar que este novo tratamento non afecta aos resultados obtidos, pero si facilita a identificación da procedencia dos custos repercutidos ás distintas actividades. Esta mellora é especialmente relevante no ámbito das actividade de investigación.

Para comparar os resultados deste exercicios cos mostrados nos informes de actividade dos anos 2013, 2014 e 2015, a columna denominada “custos directos” debe entenderse como a suma das columnas “custo primarios directos” e “custos primarios indirectos”.

- n) Informe de resultados. Automatizáronse varios dos informes empregados para a verificación dos resultados de repartos e a elaboración do informe de actividade evitándose, deste xeito, a dedicación de varias xornadas de traballo sobre follas de cálculo para a realización destas tarefas.
- o) Redución de prazos entrega dos datos de xestión académica e ingresos. Adiantáronse dúas semanas o peche do proceso de envío e revisión dos datos de xestión académica e da información de ingresos requerida polo sistema contable, o que posibilitou gañar tempo no cerre das contas de reparto/agregación.
- p) Informe detallado de actividade de certos servizos/áreas de PAS. En base á información extraída do sistema de contabilidade analítica preséntanse informes complementarios relativos ao custo das actividades desenvoltas pola Área de Deportes e o Centro de Lingua Modernas así como información complementaria relativa á oferta do Servizo Universitarios de Residencias e da Escola Infantil Breogán.
- q) Programas Investigación de Xestión Integrada de Investigación (PIXIs). Déronse de alta como actividades CANOA os PIXIs, asignándose unha dedicación de 3 horas semanais a aqueles tipificados como “Grupo de Referencia” ou “Servizo ou Plataforma Tecnolóxica”. Defínironse tamén informes

específicos para este tipo de actividades e para as actividades integradas.

- r) Recoñecemento como “Boa práctica de dirección e xestión universitaria” (Telescopi convocatoria 2016). Por iniciativa da ÁREA de Calidade e Mellora dos Procedementos presentouse o proxecto de contabilidade analítica da USC á convocatoria 2016 do “Programa de Buenas Prácticas Universitarias”, sendo este seleccionado e atopándose actualmente en fase de avaliación na convocatoria internacional.
- s) Outras modificacións salientables. Definíronse como actividades anexas o Servizo de Residencias Universitarias e a Imprenta e como actividades finalistas o Servizo de Publicacións e Intercambio Científico e o Servizo de Medios Audiovisuais.

Estes obxectivos acádanse grazas á participación da Unidade de Enerxía da ÁREA de Xestión de Infraestruturas, da ÁREA de Deportes, do Centro de Linguas Modernas, da ÁREA de Calidade e Mellora dos Procedementos, a ÁREA de Xestión de Investigación e do Grupo “Territorio, Biodiversidade, GI-1934”.

Os puntos i) e j) presentaranse nun informe complementario.

Melloras consolidadas en 2016 e aplicadas xa en 2015 e que teñen unha especial relevancia nos resultados obtidos:

- a) Repercusión *dos custos procedentes da aplicación da Regra 23 nas actividades de investigación aos centros singulares e institutos de investigación*. Os custos procedentes da Regra 23 ata o 2014 relacionábanse, en todos os casos, cos departamentos de cada un dos membros do equipo de investigación da actividade. A partir do exercicio 2015, para aquelas actividades de investigación desenvoltas en centros singulares ou institutos, estes custos irán relacionados con este tipo de centros.
- b) *Repercusión dos custos de persoal dos programas institucionais de recursos humanos de investigación ás actividades nas que participa*. Desde 2015 identifícaronse os contratos e retribucións

deste tipo de programas e os custos dos mesmos repercutíronse directamente ás actividades nas que participa este persoal.

- c) *Revisouse integralmente a definición dos centros de custo e a vinculación do persoal da Rede de Apoyo a Investigación (RIAIDT), persoal que ata o 2014 estaba adscrito ao centro de custo “Xestión de actividades de investigación” e que desde o 2015 está vinculado a cada unha das unidades que constitúen a RIAIDT. Estas unidades definíronse tamén como centros de custo.*
- d) *Definíronse como centros mixtos 5 centros que anteriormente eran considerados como Directivos e Administrativos, co obxecto de poder realizar unha imputación máis adecuada dos custos da súa actividade DAG ás actividades finalistas relacionadas.*
- e) *Déronse de alta novos subconceptos económicos nos datos procedentes da contabilidade orzamentaria co obxecto de ter unha información máis adecuada á natureza do material funxible vinculado ás actividades de investigación.*
- f) *Vinculáronse partidas específica de gasto a titulacións oficiais concretas (másters con convenios, por exemplo) e repartíronse os custos recollidos nestas partidas ao conxunto das materias de cada unha das titulacións. Ata o 2014 estes custos relacionáronse coa facultade ou escola definida polo código orgánico da partida.*
- g) *Redeseñáronse as vistas e procedementos do ámbito de xestión académica que proporcionan a información central da actividade docente para a contabilidade analítica (materias, número de créditos, horas de docencia, dedicacións, teses...) co obxecto de acurtar os tempos necesarios para elaborar esta información e resolver aquellas incidencias detectadas en exercicios anteriores.*
- h) *Publicouse unha nova versión da aplicación CANOA que achega reducóns significativas nos tempos de procesado dos repartos/agregacións (pasándose de tempos de 5 horas nas contas de 2014, a tempos de proceso de 1 hora para as contas de 2015) xunto con outras melloras que facilitan a alta da información no sistema.*

4. RESULTADOS DE ACTIVIDADES. EXERCICIO 2019

O exposto ata o momento permite entender como se constrúe a información de resultados que se presenta a continuación. Os resultados ofréncense a un nivel xerárquico que virá determinado polo tipo de actividade. Así:

- o das actividades de docencia oficial serán presentados a nivel de titulación
- o das actividades de docencia non oficial serán detallados a nivel de gran área de coñecemento
- os resultados das actividades de investigación serano a nivel de grandes grupos (servizos xerais, programas...)
- os resultados do Servizo de Deportes e do Centro de Linguas Modernas a nivel de actividade
- o das restantes actividades de extensión universitaria a nivel da área (cultura, participación...)
- tamén a nivel de área serán presentados os resultados doutras actividades finalistas como as bibliotecas, as actividades anexas e auxiliares.
- as actividades de tipo DAG optamos por agrupalas en función da tipoloxía dos centros de custo que as desenvolven (centros docentes, órganos de goberno, centros singulares de investigación...).

Para os centros de custo asociados a servizos cuxa dirección é dun membro do PAS, únicamente se ten definida unha actividade por cada centro. Desde o exercicio 2017 elabóranse informes detallados por actividade para o Servizo de Deportes e o Centro de Linguas Modernas, unha vez dado de alta o catálogo das súas actividades e os centros de custo dependentes destas unidades.

Este informe presenta os resultados de actividades da USC no exercicio 2019, pero a información da que dispoñemos permítenos igualmente analizar o comportamento de cada un dos centros de custo definidos. Poderíase así presentar unha información similar para departamentos, facultades, servizos... con datos de custos, co detalle por elemento e procedencia. Inclúese como anexo o custo total dos diferentes centros.

4.1. Actividade global da universidade

